

● O TALLER É PODER

● RECÍCLATE CON NOS SOGAMA



Os recursos do planeta son finitos. É unha realidade que debemos asumir para comprender a importancia que ten a colaboración de todos os sectores na protección do noso mundo.

A prevención e a redución de residuos constitúe o primeiro xesto que debemos poñer en práctica para actuar con responsabilidade nun momento no que xa ninguén pode escapar das ameazas do cambio climático. Minimizar os seus efectos e actuar con medidas de resiliencia constitúen as mellores ferramentas para loitar contra un fenómeno que require de decisións urxentes de cara a evitar que comprometa a forma de vida das xeracións vindeiras.

Reutilizar os produtos para alongar a súa vida útil constitúe a segunda oportunidade que estamos obrigados a darlles para poñelos en valor. Pero aínda nos queda unha terceira oportunidade. Cando eses produtos se converten en residuos, debemos separalos en orixe e depositalos nos contedores correspondentes para propiciar o seu posterior reciclado, posibilitando que cobren unha nova vida.

Coñecer as vantaxes do reciclado permítenos ser máis conscientes da gran importancia que ten participar activamente no sistema.



¿POR QUE RECICLAR?

• Porque se conservan os recursos naturais e evítase a extracción de materias primas virxes.

• Porque se recuperan materiais que, doutra forma, acabarían desperdiciados, transformándooos en novos recursos de utilidade.

• Porque se aforra enerxía.

• Porque se aforra auga.

• Porque se reduce a dependencia de combustibles fósiles e a emisión de gases de efecto invernadoiro.

• Porque a industria da reciclaxe contribúe a crear emprego verde.

• Porque se reduce a cantidade de residuos a xestionar a través do contedor verde convencional (fracción resto).

• Porque cun sinxelo xesto, consegues algo moi grande: máis vida para o noso planeta.



ASÍ DE FÁCIL



Contedor amarelo: envases de plástico, latas e briks (nunca plásticos que non sexan envases nin envoltorios).



Contedor azul: papel e cartón (nunca papeis ou cartóns sucios, manchados e con restos de graxa).



Iglú verde: botellas, frascos e tarros de vidro (nunca restos de cristalerías, espellos, parabrisas de coches, etc.).



Contedor verde convencional: fracción resto (residuos non reciclables: panos de papel usados, compresas, cueiros, ...)



A INNOVACIÓN TECNOLÓGICA: UNHA GRAN AXUDA

Aqueles materiais reciclables que, por erro ou descoido, se tiveran depositado no contedor convencional, teñen unha última oportunidade na nova planta de recuperación de materiais que Sogama puxo en marcha recentemente.

En liña coa industria 4.0 e mediante tecnoloxías de última xeración, a entidade consegue rescatar do lixo en masa ata 11 tipoloxías de materiais, que remite aos centros recicladores.



Colaboración e innovación na súa máxima expresión ábrese camiño cara á economía circular en Galicia.

